

Queridos compañeiros e compañeiras:

Nós somos Tomás, Martín e África de 1ºA. Cando empezamos no IES compartiamos as mesmas inquietudes ca vós. Pero tranquilos, non é para tanto. O instituto é un gran cambio comparado co colexio pero non é como o pintan nos institutos das películas americanas.

Este é un instituto tranquilo no que sempre hai bo rolo. Primeiro de todo, ningunha persoa de cursos superiores vai burlarse o rirse de vós; normalmente cada curso se xunta co seu curso, por iso os maiores non fan caso aos máis pequenos, e menos aos de primeiro curso.

Despois o medo a ter que madrugar máis... pois si, ao principio custa un pouco levantarse algo antes pero acabas acostumándote a erguerse antes. E non poñen partes por todo! Só poñen partes se incumpres as normas ou fas algo grave, pero obviamente non te poñen un parte por interromper en clase ou falar.

Non vos preocupedes polas amizades, nós pensabamos o mesmo e... fixemos novos amigos e seguimos cos de antes. Pode que o teu mellor amigo esta na outra clase pero estará a catro metros vosos. O mellor de todos é que podeades facer moitos amigos máis.

Sobre os profesores nós pensabamos o mesmo, “os profesores van ser malos, van mandar moitos deberes, vannos castigar”... pero non. Son moi bos, cada un ten súas cousas pero “case” non poñen deberes e se te portas ben terás boa relación con eles.

No instituto tamén hai outras cousas moi boas como por exemplo as actividades divertidas que realizamos, a cafetería na que comemos e a biblioteca onde lemos. Non teñades medo, esperamos vervos o ano que vén.

Un saúdo